



Concello de A Pobra do Caramiñal

PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA APROBACIÓN PLENARIA.

ASUNTO: ACORDO MARCO PARA O SUBMINISTRO DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP APLICADO AOS SUBMINISTROS DE ELECTRICIDADE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.

O Concello da Pobra do Caramiñal pretende ser o máis eficaz posible na prestación de servizos, mantendo a calidade dos mesmos pero reducindo custes na medida do posible. Neste senso, o xestor enerxético contratado por este concello elaborou un estudo, anexo a esta proposta, no que se avalían as distintas opcións de contratación do subministro eléctrico para esta administración, obtendo como conclusión que a contratación a través da FEMP mediante a suscripción do preceptivo convenio, é a opción máis vantaxosa, resumindo no seguinte cadro os aspectos mais salientables de tal operación:

RESUMO DE AFORROS POR TIPO DE SUBMINISTROS				
	Compañía contratada actualmente	Número de subministros	Custe actual €/ano	Aforro anual respecto ao Acordo Marco da FEMP €/ano
Subministros no mercado REGULADO (Potencia contratada <10Kw)	GN S.U.R.	74	136.515,72 €	9.265,02 €
Subministros no mercado LIBRE (Potencia contratada <10Kw)	GN SERVICIOS	18	117.404,81 €	-792,37 €

O aforro anual obtido polo concello sería de $9.265,02 - 792,37 = 8472,65$ €.

En base a isto e tomando en consideración o estudo mencionado proponho ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar a adhesión do Concello da Pobra do Caramiñal ao Acordo Marco para o Subministro de Electricidade en Alta e Baixa Tensión da Central de Contratación da FEMP.

A Pobra do Caramiñal, á data da sintura dixital,
O Alcalde,

Concello de A Pobra do Caramiñal